



***contigo, Galiza decide !***

[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

## **IAGO TABARÉS LAMENTA O "COMPORTAMENTO CÍNICO" DE PP E PSOE AO RESPEITO DO VOTO EMIGRANTE, QUE SÓ APORTA, PARA MUDAR AS COUSAS, CRUCE DE DESCALIFICACIÓNS E REPARTO DE CHEQUES**

**O candidato nacionalista contrapón a esta actitude as diferentes iniciativas presentadas polo BNG para regular esta situación, que sempre foron rexeitadas por populares e socialistas**

**Arnoia, 17 Febreiro 08.-** O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, cualificou hoxe de "vergonzoso" o "comportamento cínico" de PP e PSOE ao respecto do voto emigrante, cun permanente cruce de acusacións entre eles por manipulación en lugar de pór enriba da mesa propostas para mudar as cousas e velar pola transparencia do proceso.

Iago Tabarés, durante un acto público en Arnoia, lamentou que PP e PSOE introduciran estes días o debate do voto no exterior pero só en termos de "quen é máis chorizo" e cando tiveron a oportunidade de votar, a iniciativa do BNG, a favor da súa regulación: voto en urna, limpeza das campañas e que os votos computen, pronunciáronse en contra.

Sobre a proposta anunciada polo PSOE de crear unha circunscrición propia, o candidato nacionalista lembrou que se trata dunha idea defendida polo nacionalismo hai xa 90 anos, coas Irmandades da Fala, "só espero que non teñamos que agardar outros 90 para acadar o voto en urna".

Tabarés aproveitou a súa visita a Arnoia para cargar as tintas neste asunto por ser este concello, segundo dixo, un exemplo clarificador do que significa que decida o alcalde alguén que non vive nin pensa vivir en Arnoia, pois recordou que dos máis de mil habitantes censados uns 800 viven en Bos Aires.

O candidato nacionalista defendeu a necesidade de incidencia do BNG en Madrid para poder condicionar as políticas a este respecto, de reforma do voto emigrante, e tamén para garantir a protección dos intereses de Galiza e de Ourense, "para poder responsabilizarnos do noso futuro e xestionar os nosos recursos".

Iago Tabarés explicou que hai que acabar co mito de que Galiza é un país pobre, subsidiario, "estaba empobrecido pero dende que o nacionalismo ten responsabilidades de xestión no goberno da Xunta, Galiza está medrando máis rapidamente que a media do Estado", e para continuar nesta liña e reforzar este "bo camiño" ten que ter máis capacidade de decisión en Madrid.

Asegurou que este papel do nacionalismo como determinante nas políticas do Estado é "posíbel" e puxo o exemplo cando a Pujol lle cantaban "Pujol, enano, habla castellano" e pouco despois "Pujol, guaperas, habla lo que quieras".

"É o momento de apostar por nós mesmos e aproveitar o contexto de que non vai haber maiorías absolutas para ser determinantes en Madrid en beneficio de Galiza e de Ourense".